

PRESENTACIÓN DA MATERIA

MATERIAS DE BACHARELATO

1º BACHARELATO:

- [Anatomía aplicada](#)
- [Biología, Xeoloxía e ciencias ambientais](#)
- [Cultura científica](#)

2º BACHARELATO:

- [BIOLOXÍA](#)
- [CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE](#)
- [TÉCNICAS DE LABORATORIO](#)
- [XEOLOXÍA](#)

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	ANATOMÍA APLICADA	Curso / Ciclo	BAC 1
------------------	--------------------------	---------------	--------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª avaliación	Tema 1. Organización básica do corpo humano Tema 2. O sistema de achega e utilización da enerxía (dixestivo e metabolismo)
2ª avaliación	Tema 3. O sistema cardiopulmonar Tema 4. O sistema locomotor Tema 5. O Aparato uroxenital
3ª avaliación	Tema 6. Os sistemas de coordinación e de regulación Tema 7. As características do movemento Tema 8. Expresión e comunicación corporal Tema 9. Elementos comúns e traballo científico (Traballárase ao longo das tres avaliacións)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia ao alumnado correspondente.

Pódense consultar na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Departamentos → Bioloxía e Xeoloxía → Documentos do Departamento

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Por avaliación	Probas parciais	40 %	60 %
	Probas globais	60 %	

PRESENTACIÓN DA MATERIA

	Traballos ou actividades	40 %	40 %

Final	Media das avaliacións	40 ou 60 %	100 %
	Proba global (Final)	60 ou 40 %	

Procedemento de Avaliación:

→ **Probas:**

Para cada avaliación farase alomenos unha proba escrita dos contidos correspondentes. Voluntariamente, os alumnos poderán presentarse a unha proba global final para recuperar o curso ou subir a nota do mesmo. A cualificación de dita proba en ningún caso podería baixar a nota media obtida. No caso de ser superior ponderaría un 60% e se aplicaría un 40% á media do curso.

Na corrección das probas terase en conta a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

→ **Traballos:**

O alumnado deberá realizar unha serie de traballos e/ou actividades, tanto individualmente como en grupos reducidos. Os traballos deben estruturarse do seguinte xeito:

- 1- Título e autores (nomes e curso) na páxina de portada
- 2- Índice de contidos (se é preciso pola extensión)
- 3- Introducción
- 4- Desenvolvemento dos epígrafes ou apartados a tratar (o corpo principal do traballo)
- 4- Conclusións (resaltar as ideas principais a modo de resumo)
- 5- Fontes consultadas.

Só se aceptarán traballos enviados en formato pdf

Obtención das cualificacións:

- **En cada avaliación** a cualificación obterase a partir das probas realizadas (que representarán un 60 % da nota da avaliación. Probas parciais 40% e probas globais 60%) e os traballos e/ou actividades realizados (que representarán o 40 % restante).

Probas x 0'6 + Traballos x 0'4 = Cualificación avaliación
--

- A **cualificación final da materia** obterase mediante:

- A media entre as **cualificacións** obtidas nas **avaliacións**.
- A **cualificación** da **proba final**.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Aplicándose un 60 % á nota máis alta e un 40 % á máis baixa, ben sexa á correspondente á proba final ou á media entre as cualificacións de cada avaliación.

$$\text{Cualificación avaliación x (0'4 ou 0'6) + Final x (0'6 ou 0'4) =}$$

Cualificación final de avaliacións e global.

Dado que a cualificación final debe expresarse en números enteiros, o truncamento na cualificación farase ao alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a ± 0.5 puntos e á baixa en caso contrario.

Recuperación e proba extraordinaria

O alumnado que non acadara unha cualificación final positiva deberá realizar as seguintes tarefas de recuperación:

- Terá que repetir os cuestionarios, propostos durante o curso, nos que non acadara unha avaliación positiva.
- Realizaran unha proba escrita de aquelas partes onde a nota non acadara unha puntuación de 5. A nota do exame representará o 60 % da nota e as actividades realizadas ao longo do curso o 40 % da nota. Polo tanto o alumnado deberá realizar aquelas actividades que lle permitan mellorar a nota para poder acadar a avaliación positiva.
-

Actividades de apoio, reforzo e mesmo de ampliación e titoría.

O alumnado que superou a materia deberá facer as seguintes actividades de apoio, reforzo e mesmo de ampliación e titoría.

- As actividades de ampliación versarán sobre materia que non deu tempo a impartir ou ben actividades que permitan orientar ao alumnado sobre a materia do ámbito científico que cursarán en 2º de BAC ou en Ciclos Formativos.
- As actividades de titoría consistirán na realización de todo tipo de accións encamiñadas a orientar ao alumnado para a adquisición, o máis completa posible, das competencias chave.
- As actividades de ampliación serán avaliadas de xeito que poderían aumentar a nota da cualificación ata 1 punto ou deixala como está pero non baixala.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	<u>BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS</u>	Curso / Ciclo	BAC 1
------------------	--	---------------	--------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª avaliación	Bloque 0. O traballo científico Bloque 1. Os seres vivos: niveis de organización, composición, diversidade e evolución
2ª avaliación	Bloque 2: Os vexetais, funcións e adaptacións Bloque 3: Os animais, funcións e adaptacións Bloque 4: Os microorganismos e as formas acelulares
3ª avaliación	Bloque 5: A xeodinámica interna Bloque 6: A xeodinámica externa. Historia da Terra Bloque 7: Ecoloxía e sustentabilidade

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia ao alumnado correspondente.

Pódense consultar na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Departamentos → Bioloxía e Xeoloxía → Documentos do Departamento

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Por avaliación	Probas parciais	40 %	80 %
	Probas globais	60 %	
	Traballos ou actividades (Proxecto científico)	20 %	20 %

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Final	Media das avaliacións	40 ou 60 %	100 %
	Proba global (Final)	60 ou 40 %	

Procedemento de Avaliación:

→ Probas:

Para cada avaliación farase alomenos unha proba escrita dos contidos correspondentes; ademais todos os alumnos deberán facer unha proba final que comprenderá os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso.

Na corrección das probas terase en conta a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

→ Traballos:

O alumnado deberá realizar unha serie de traballos e/ou actividades, tanto individualmente como en grupos reducidos. Serán expostos na aula e tratarán sobre unha serie de temas propostos polo profesorado.

Obtención das cualificacións:

→ **En cada avaliación** a cualificación obterase a partir das probas realizadas (que representarán un 80 % da nota da avaliación. Probas parciais 40% e probas globais 60%) e os traballos e/ou actividades realizados (que representarán o 20 % restante).

$$\text{Probas} \times 0'8 + \text{Traballos} \times 0'2 = \text{Cualificación avaliación}$$

→ A **cualificación final da materia** obterase mediante:

- A media entre as **cualificacións** obtidas nas **avaliacións**.
- A **cualificación** da **proba final**.

Aplicándose un 60 % á nota máis alta e un 40 % á máis baixa, ben sexa á correspondente á proba final ou á media entre as cualificacións de cada avaliación.

$$\text{Cualificación avaliación} \times (0'4 \text{ ou } 0'6) + \text{Final} \times (0'6 \text{ ou } 0'4) = \text{Cualificación final de avaliacións e global.}$$

Dado que a cualificación final debe expresarse en números enteiros, o truncamento na cualificación farase ao alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a ± 0.5 puntos e á baixa en caso contrario.

RECUPERACIÓN E PROBA EXTRAORDINARIA

O alumnado que non acadara unha cualificación final positiva deberá realizar as seguintes tarefas de recuperación:

- Realizarán actividades de recuperación ou reforzo



PRESENTACIÓN DA MATERIA

- Realizarán unha proba global que recolla preguntas da materia tratada durante o curso.
- O cálculo da nota farase segundo o método detallado na programación didáctica do departamento. A nota do exame representará o 80 % da nota e as actividades realizadas ao longo do curso o 20 % da nota. Polo tanto o alumnado deberá realizar aquelas actividades que lle permitan mellorar a nota para poder acadar a avaliación positiva.

Actividades de apoio, reforzo e mesmo de ampliación e tutoría.

O alumnado que superou a materia deberá facer as seguintes actividades de apoio, reforzo e mesmo de ampliación e tutoría.

- As actividades de ampliación versarán sobre materia que non deu tempo a impartir ou ben actividades que permitan orientar ao alumnado sobre a materia do ámbito científico que cursarán en 2º de BAC ou en Ciclos Formativos.
- As actividades de tutoría consistirán na realización de todo tipo de accións encamiñadas a orientar ao alumnado para a adquisición, o máis completa posible, das competencias chave.
- As actividades de ampliación serán avaliadas de xeito que poderían aumentar a nota da cualificación ata 1 punto ou deixala como está pero non baixala.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	<u>CULTURA CIENTÍFICA</u>	Curso / Ciclo	BAC 1
------------------	---------------------------	---------------	--------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª avaliación	<p>Bloque 1. A Cultura científica. Metodos de traballo e comunicación do mesmo.</p> <p>Bloque 2. O Universo.</p> <p>Bloque 3. A Terra e a vida.</p>
2ª avaliación	<p>Bloque 4. A saúde e a biomedicina</p> <p>Bloque 5. A reprodución e a sexualidade</p> <p>Bloque 6. O desenvolvemento social e os materiais</p>
3ª avaliación	<p>Bloque 7. Os avances tecnolóxicos</p> <p>Bloque 8. O coidado do medio ambiente.</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia ao alumnado correspondente.

Pódense consultar na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Departamentos → Bioloxía e Xeoloxía → Documentos do Departamento

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Por avaliación	Probas parciais	40 %	60 %
	Proba final	60 %	
	Traballo		20%
	Presentacións na aula		20%

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Procedemento de Avaliación:

→ **Probas:**

Para cada avaliación farase alomenos unha proba escrita dos contidos correspondentes.

Ademais, para aquel alumnado que non acadara unha cualificación positiva nalguna das avaliacións, realizarase, a final de curso, unha proba final de recuperación na que o alumnado poderá recuperar a parte ou partes cualificadas negativamente.

Na corrección das probas terase en conta a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

As probas de coñecemento poderán realizarse mediante exames escritos, orais, desenvolvemento de aprendizaxe por proxectos, gammificación etc ou mediante unha combinación das probas anteriormente citadas.

→ **Traballos:**

O alumnado deberá realizar unha serie de traballos, tanto individualmente como en grupos reducidos, relacionado coa temática da materia.

O traballo deberá ser remitido en formato pdf á dirección de correo electrónico habilitada polo profesorado e que será comunicada ao alumnado para o seu seguimento e aprobación, ou na aula virtual.

Dos traballos realizados en grupo todos os alumnos **deberán expoñer alomenos un** por avaliación ante os seus compañeiros.

Valorarase:

- Os contidos tratados (profundidade, corrección, fontes de información utilizadas, etc...).
- A presentación do traballo (claridade de exposición, ...).
- A innovación no formato de presentación do traballo (video, teatro, etc...).

A exposición deste traballo é condición indispensable para obter unha cualificación positiva na materia.

Obtención das cualificacións:

- **En cada avaliación** a cualificación obterase a partir das probas realizadas (que representarán un 60 % da nota da avaliación) e dos traballos realizados (que representarán o 20 % restante).

$$\text{Probas} \times 0,6 + \text{Traballos} \times 0,2 + \text{Presentación na aula} \times 0,2 = \text{Cualificación avaliación}$$

- A **cualificación final** da materia obterase mediante:

- A media entre as **cualificacións** obtidas nas **avaliacións**. Representarán o 100 %.



PRESENTACIÓN DA MATERIA

Recuperación e proba extraordinaria

O alumnado que non acadara unha cualificación final positiva deberá realizar as seguintes tarefas de recuperación:

- Deberán presentar os traballos, correspondentes a cada avaliación e propostos durante o curso, nos que non acadaran unha avaliación positiva.

Se a cualificación acadada mediante a presentación das tarefas referidas no punto anterior non fora positiva, realizarán unha proba escrita sobre os contidos das avaliacións con cualificación negativa.

O cálculo da nota farase segundo o método detallado na programación didáctica do departamento. A nota do exame representará o 60 % da nota e as actividades realizadas ao longo do curso o 40 % da nota. Polo tanto o alumnado deberá realizar aquelas actividades que lle permitan mellorar a nota para poder acadar a avaliación positiva.

Actividades de apoio, reforzo e mesmo de ampliación e titoría.

O alumnado que superou a materia deberá facer as seguintes actividades de apoio, reforzo e mesmo de ampliación e titoría.

As actividades de ampliación versarán sobre materia que non deu tempo a impartir ou ben actividades que permitan orientar ao alumnado sobre a materia do ámbito científico que cursarán en 2º de BAC ou en Ciclos Formativos.

As actividades de titoría consistirán na realización de todo tipo de accións encamiñadas a orientar ao alumnado para a adquisición, o máis completa posible, das competencias clave.

As actividades de ampliación serán avaliadas de xeito que poderían aumentar a nota da cualificación ata 1 punto ou deixala como está pero non baixala.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	<u>CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS</u>	Curso / Ciclo	BAC 2
---------------------	--	------------------	--------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)*

1ª avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Medio ambiente e fontes de información ambiental 2. Dinámica dos sistemas fluídos 3. Contaminación atmosférica
2ª avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 4. Contaminación das augas 5. A xeosfera e os riscos xeolóxicos
3ª avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 6. Circulación de materia e enerxía na biosfera 7. A xestión do planeta e o desenvolvemento sustentable

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia ao alumnado correspondente.

Pódense consultar na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Departamentos → Bioloxía e Xeoloxía → Documentos do Departamento

* Esta temporalización poderá verse modificada por noticias, acontecementos, etc... relacionados coa materia.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Traballos	40 %
Probas parciais:	40 ou 60 %
Proba global:	60 ou 40 %

Procedemento de Avaliación:

- Para cada avaliación farase, cando menos, unha proba escrita dos contidos correspondentes.
- Todos os alumnos deberán facer unha **proba final** que comprenderá os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso.

Nas diferentes probas o exercicio poderá conter preguntas dos seguintes tipos:

- **Cuestións de resposta curta e concisa** relacionada cun dos bloques temáticos de coñecementos (BIOSFERA, ATMOSFERA, XEOSFERA, etc..).
- **Cuestións expostas a partir** dun gráfico, táboa de datos ou pequeno texto.
- **Terminoloxía.** Esta pregunta ten como finalidade avaliar a capacidade de relacionar os coñecementos adquiridos e consistirá en construír 4 frases correctas agrupando de 3 en 3, mediante unha frase, aqueles termos escollidos dunha serie de 15 e que se consideren relacionados, tendo en conta que cada termo só se pode agrupar unha vez e que non poderán ser empregados máis de tres termos en cada frase (polo tanto haberá tres que non serán utilizados).
Non se valorarán os termos agrupados que non estean reunidos mediante unha frase.
- **Explicación do significado de termos e conceptos** que se indiquen sobre cada un deles.
- **Test.** Consistente en indicar nunha serie de frases cales son verdadeiras (V) e cales son falsas (F). Neste tipo de cuestións poderá cualificarse negativamente as respostas erróneas (de maneira que cada resposta errónea anule unha correcta).

A cualificación de cada apartado estará expresamente indicada no exame que será entregado ao alumno ou, no seu defecto, será informado da mesma antes da realización da proba.

Na corrección terase en conta a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

A **cualificación final das probas** obterase mediante:

- A media entre as cualificacións obtidas nas diferentes probas realizadas ao longo do período de avaliación.
- A cualificación da proba final.

Aplicándose un 60 % á nota máis alta e un 40 % á máis baixa, ben sexa a correspondente á proba final ou á media entre as diferentes probas de avaliación.

$$[\text{Probas escritas x (0,6 ou 0,4)} + \text{Proba final x (0,4 ou 0,6)}] = \text{CUALIFICACIÓN DAS PROBAS}$$

→ Ademais todo o alumnado deberá entregar, cando menos, **1 traballo por mes** ata o mes de marzo.

Os traballos deberán estar relacionados con temas do currículo da materia.

Os traballos serán expostos e defendidos polo alumnado na aula e valorados e cualificados tanto polo profesor como polo alumnado.

A valoración dos compañeiros representará un 20% e a do profesor un 80 % da cualificación do traballo presentado.

Na valoración e cualificación dos traballos terase en conta:

- A calidade da presentación.
- A transmisión por parte do alumnado de coñecementos (claridade, vocabulario, etc...)
- Os contidos e as fontes de información (cantidade, calidade e contrastación).

Unha vez por semana farase a coordinación dos traballos que estean a realizar os alumnos.

Na **cualificación final da materia** o 60 % corresponderá á media das probas escritas e o 40% á media das cualificacións obtidas nos traballos expostos polo alumnado.

$$\text{CUALIFICACIÓN DAS PROBAS x 0,6} + \text{Traballos x 0,4} = \text{CUALIFICACIÓN FINAL}$$

Dado que a cualificación final debe expresarse en números enteiros, o truncamento na cualificación farase ao alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a ± 0.5 puntos e á baixa en caso contrario.

RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS:

O alumnado que non acadara unha cualificación positiva en algunha avaliación deberá realizar as tarefas que o profesor/a lle encomende así como unha proba escrita de recuperación. A cualificación se corresponderá coa nota acadada en dita proba escrita de recuperación.



PRESENTACIÓN DA MATERIA

A PROBA EXTRAORDINARIA:

A proba versará sobre a totalidade da materia impartida ao longo do curso.

Unha cualificación positiva nesta proba requirirá un coñecemento global da materia así como a demostración de que se acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso, valorándose na corrección a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

A nota da proba final afectará soamente á parte específica dos contidos. A nota do exame representará o 60 % da nota e as actividades realizadas ao longo do curso o 40 % da nota. Polo tanto o alumnado deberá realizar aquelas actividades que lle permitan mellorar a nota para poder acadar a avaliación positiva.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	BIOLOXÍA	Curso / Ciclo	BAC 2
------------------	-----------------	---------------	--------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Bioelementos e biomoléculas inorgánicas 2. Os glúcidos 3. Os lípidos. Vitaminas liposolubles 4. As proteínas. Os enzimas. Vitaminas hidrosolubles. 5. Nucléotidos e ácidos nucleicos
2ª avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 6. Xenética mendeliana e molecular. 7. Introducción á célula 8. Morfoloxía celular 9. Reprodución celular: Mitose e meiose 10. Introducción ao metabolismo. 11. Respiración e fotosíntese
3ª avaliación	<ol style="list-style-type: none"> 12. Bioloxía dos microorganismos 13. Microbioloxía aplicada 14. Biotecnoloxía 15. Inmunoloxía

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia ao alumnado correspondente.

Pódense consultar na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Departamentos → Bioloxía e Xeoloxía → Documentos do Departamento

PRESENTACIÓN DA MATERIA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Por avaliación	Probas parciais	40%	80%
	Probas globais	60%	
	Traballos ou actividades	20%	20%
Final	Media das avaliacións	40 ou 60%	100%
	Proba global (Final)	60 ou 40%	

Procedemento de Avaliación:

Para cada avaliación farase, alomenos, unha proba escrita dos contidos correspondentes; ademais, todos os alumnos, deberán facer unha proba final que comprenderá os contidos desenvolvidos ao longo de todo o curso.

Os diferentes exercicios compóranse de 3 bloques que versarán sobre os seguintes aspectos:

- **Bloque 1: cuestións.** Consistente en diversas cuestións relacionadas cos contidos correspondentes a cada avaliación.
O valor máximo deste bloque será de 8 puntos.
A valoración parcial de cada cuestión figurará no exercicio que será entregado ao alumno.
- **Bloque 2: terminoloxía.** Consistente en agrupar de 3 en 3, mediante unha frase, aqueles termos escollidos dunha serie e que se consideren relacionados, tendo en conta que cada termo só se pode agrupar unha vez.
A valoración máxima deste bloque será de 1 punto.
Non se valorarán os termos agrupados que non estean reunidos mediante unha frase.
- **Bloque 3: test.** Consistente en indicar nunha serie de frases cales son verdadeiras (V) e cales son falsas (F).
O valor máximo deste bloque será de 1 punto puntuándose negativamente as respostas erróneas.
- En calquera dos bloques poderanse incluír cuestións sobre as experiencias prácticas.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

A cualificación de cada apartado estará expresamente indicada no exame que será entregado ao alumnado ou no seu defecto será informado da mesma antes da realización da proba.

Na corrección terase en conta a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

A **cualificación final** obterase mediante:

- A **media** entre as cualificacións obtidas nas **probos de avaliación**.
- A **cualificación** da **proba final**.

Aplicándose un 60 % a nota máis alta e un 40 % á máis baixa, ben sexa á correspondente á proba final ou á media entre as diferentes probas de avaliación.

Probos escritas x (0,6 ou 0,4) + Proba final x (0,4 ou 0,6) =

CUALIFICACIÓN FINAL

Dado que a cualificación final debe expresarse en números enteiros, o truncamento na cualificación farase ao alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a ± 0.5 puntos e á baixa en caso contrario.

RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS:

O alumnado que non acadara unha cualificación positiva en algunha avaliación deberá realizar as tarefas que o profesor/a lle encomende así como unha proba escrita de recuperación. A cualificación se corresponderá coa nota acadada en dita proba escrita de recuperación.

A Proba extraordinaria:

A proba versará sobre a totalidade da materia impartida ao longo do curso.

Unha cualificación positiva nesta proba requirirá un coñecemento global da materia así como a demostración de que se acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso, valorándose na corrección a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

A nota da proba final afectará soamente á parte específica dos contidos. A nota do exame representará o 80 % da nota e as actividades realizadas ao longo do curso o 20 % da nota. Polo tanto o alumnado deberá realizar aquelas actividades que lle permitan mellorar a nota para poder acadar a avaliación positiva.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	XEOLOXÍA	Curso / Ciclo	BAC 2
------------------	-----------------	---------------	--------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)*

1ª avaliación	<p>Bloque 1. O planeta Terra e o seu estudo</p> <p>Bloque 4. A tectónica de placas. unha teoría global</p> <p>Bloque 2. As minerais: os compoñentes das rochas</p> <p>Bloque 3. As rochas. ígneas, sedimentarias e metamórficas.</p>
2ª avaliación	<p>Bloque 5. Procesos xeolóxicos externos</p> <p>Bloque 6. Tempo xeolóxico e xeoloxía histórica.</p> <p>Bloque 7. Riscos xeolóxicos.</p>
3ª avaliación	<p>Bloque 8. Recursos minerais e enerxéticos e as augas subterráneas</p> <p>Bloque 9. Xeoloxía de España</p> <p>Bloque 10. Xeoloxía de campo</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia ao alumnado correspondente.

Pódense consultar na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Departamentos → Bioloxía e Xeoloxía → Documentos do Departamento

* Esta temporalización poderá verse modificada por noticias, acontecementos, etc... relacionados coa materia.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Boletíns	20%
Probas escritas	80%

Procedemento de Avaliación:

- **Cualificación por avaliación**

En cada Avaliación haberá os seguintes tipos de probas:

- ➔ Alomenos haberá unha proba escrita por avaliación que seguirá o modelo empregado pola CIUG no referente ao **tipo de Proba.** (60 % da nota)
- ➔ Boletines: probas parciais tipo ABAU. (20%)

O peso de todas as unidades de cada unha das avaliacións será o mesmo na avaliación.

Todos os estándares de avaliación terán o mesmo peso na nota, pois todos se consideran igualmente necesarios, o cal quere dicir que teñen as mesmas posibilidades de figurar na proba escrita.

- **Cualificación final.**

A nota final de xuño obteráse da media resultante das notas obtidas ao longo do curso. Serán as notas numéricas das avaliacións sen o redondeo. Posteriormente aplicarásese o redondeo á nota media.

**[Media das cualificacións de cada avaliación sen redondeo] =
CUALIFICACIÓN DE XUÑO**

Dado que a cualificación final debe expresarse en números enteiros, o truncamento na cualificación farase ao alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a 0.5 puntos e á baixa en caso contrario.

RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS:

O alumnado que non acadara unha cualificación positiva en algunha avaliación deberá realizar as tarefas que o profesor/a lle encomende así como unha proba escrita de recuperación. A cualificación se corresponderá coa nota acadada en dita proba escrita de recuperación.

NO CASO DE NON RECUPERAR AS AVALIACIÓNS O ALUMNADO REALIZARÁ UNHA PROBA GLOBAL FINAL.



PRESENTACIÓN DA MATERIA

A PROBA EXTRAORDINARIA:

A proba versará sobre a totalidade da materia impartida ao longo do curso.

Unha cualificación positiva nesta proba requirirá un coñecemento global da materia así como a demostración de que se acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso, valorándose na corrección a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

A nota da proba final afectará soamente á parte específica dos contidos (proba escrita, mapas e cortes) . A nota do exame representará o 80 % da nota e as actividades realizadas ao longo do curso o 20 % da nota. Polo tanto o alumnado deberá realizar aquelas actividades que lle permitan mellorar a nota para poder acadar a avaliación positiva.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	TÉCNICAS DE LABORATORIO	Curso / Ciclo	BAC 2
------------------	--------------------------------	------------------	--------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)*

1ª avaliación	Técnicas básicas
2ª avaliación	Prácticas de Bioloxía e química
3ª avaliación	Prácticas de física

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán os que se recollen na Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia ao alumnado correspondente.

Pódense consultar na páxina web do centro: www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras/

Departamentos → Bioloxía e Xeoloxía → Documentos do Departamento

* Esta temporalización poderá verse modificada por noticias, acontecementos, etc... relacionados coa materia.

PRESENTACIÓN DA MATERIA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de cualificación:

Traballo realizado no laboratorio	80 %
Caderno de laboratorio	20 %

Procedemento de Avaliación:

- **Cualificación por avaliación**

Dado que esta materia é de tipo práctico o procedemento de cualificación será a observación directa do traballo realizado polo alumnado no laboratorio, na que se valorará:

- Asistencia. Dado o carácter práctico da materia a asistencia é indispensable.
- Puntualidade.
- Actitude.
- Observación das medidas de seguridade.
- Capacidade de traballo tanto individual como en grupo.
- Calidade das tarefas realizadas.

O alumnado debe presentar unha libreta de prácticas no formato que o profesorado lle indique, na que se valorará:

- A presentación: limpeza, lexibilidade, orde, esquemas e debuxos, etc
- O contido: redacción, exactitude, precisión nas gráficas, cálculo de erros.

- **Cualificación final.**

A nota final de xuño obteráse da media resultante das notas obtidas ao longo do curso. Serán as notas numéricas das avaliacións sen o redondeo. Posteriormente aplicarase o redondeo á nota media.

**[Media das cualificacións de cada avaliación sen redondeo] =
CUALIFICACIÓN DE XUÑO**

Dado que a cualificación final debe expresarse en números enteiros, o truncamento na cualificación farase ao alza cando os decimais sexan iguais ou superiores a 0.5 puntos e á baixa en caso contrario.



PRESENTACIÓN DA MATERIA

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Os alumnos que vaian ao exame extraordinario examinaranse dos contidos de todas as avaliacións, independentemente de que aproben algunhas no curso escolar que finaliza.

A proba versará sobre a totalidade da materia impartida ao longo do curso.

Unha cualificación positiva nesta proba requirirá un coñecemento global da materia así como a demostración de que se acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso, valorándose na corrección a coherencia, exactitude, razoamento, lexibilidade e adaptación ás cuestións formuladas.

A nota da proba final afectará soamente á parte específica dos contidos (proba escrita, mapas e cortes) . A nota do exame representará o 80 % da nota e as actividades realizadas ao longo do curso o 20 % da nota. Polo tanto o alumnado deberá realizar aquelas actividades que lle permitan mellorar a nota para poder acadar a avaliación positiva.